

PERÍODO DE ADAPTACIÓN

A asistencia á escola é para os nenos e nenas un paso importante no camiño que lles levará a converterse en adultos. Para moitos deles supón a primeira saída do ámbito familiar: teñen que adaptarse a uns espazos descoñecidos, a ritmos e rutinas novos, a compañeiros e adultos cos que terán que establecer relacións...

O período de adaptación é aquel tramo de tempo que dedicamos a vivir cos nosos nenos/as todas as rupturas que supón a súa incorporación ó centro educativo, comprendéndoos no que senten e apoiándoos na busca de solucións positivas ós problemas que se dan.

É á vez un camiño e un proceso; non todos os alumnos/as o andarán co mesmo ritmo, é algo que teñen que realizar por se mesmos/as, unha conquista persoal e como tal hai que valorala. Non ten unha temporalidade fixa; depende de cada neno/a, das súas circunstancias particulares, da capacidade da escola para amoldarse ás peculiaridades e personalidade de cada alumno/a en concreto.

A música axúdalles neste período de adaptación a medrar, madurar, afirmarse na súa propia identidade, manifestar de xeito espontáneo os seus sentimentos fronte a escola e a separación familiar, e iniciar, desta maneira, o coñecemento e a adaptación ó mundo exterior.

Na nosa Escola, planificamos o Período de Adaptación do seguinte xeito, tendo en conta que acudir por primeira vez á escola en períodos curtos de tempo vai favorecer unha rápida adaptación á mesma

- Nos primeiros días de setembro, antes de que comece o curso, faremos unha reunión con tódolos pais e nais, titores/as ou representantes legais dos nenos/as que acudirán á escola para explicarlles como vai ser o período de adaptación: actitudes dos nenos/as, tempo de permanencia na escola, actitude que manterán os pais/nais, titores/as ou representantes legais e así para favorecer a adaptación... Esta xuntanza farase por aulas coas titoras de aula.
- Os 3 primeiros días acudirán só 1 hora á escola e estarán acompañados por os pais/nais, para facer de vínculo familia-escola

Protocolo de actuación no período de adaptación

- A partir do terceiro día, poderán estar xa ata máximo 3 horas, facendo despedidas dos pais/nais dependendo do ritmo de cada neno/a.
- A partir da segunda quincena de setembro, a escola xa funciona co horario normalizado, iso non quere dicir que todos os nenos/as fagan xa o horario completo, xa que vai depender de como se vaian adaptando á escola e como vaian levando as despedidas. Os nenos e nenas que precisen vir máis días en períodos curtos de tempo, poderán facelo ata que sexa conveniente ampliar a xornada
- É conveniente que todos os nenos e nenas que usen chupete traian un para quedar na escola, xa que é un elemento que os calma bastante na adaptación
- Ao remate do período de adaptación (aprox. 1 mes e medio despois de comezar a escola) enviaráselles a todos/as os nenos/as un informe explicando como foi este período para o neno/a
- As actividades realizadas neste período son de coñecemento do grupo e da/o educador/a, da escola e demais persoal que traballa no centro. Paseando polas dependencias da escola, aprendendo os nomes das/os educador/as e dos compañeiros/as

Este período de adaptación pódese dar por terminado cando se consiga unha certa estabilidade emocional no grupo, asuman con máis tranquilidade os momentos de separación e reencontro coas familias, así como a totalidade de tempo de estancia ó centro.

¿De que aspectos pode depender a superación deste proceso?

- Do firme convencemento dos pais e nais respecto á súa escolarización, xa que esa seguridade lla ides transmitir a eles e elas.
- Dunha actitude positiva, relaxada e sen angustias. Como xa dixemos antes o neno/a volo vai notar e iso provocará nel inseguridade e angustia.
- Das características persoais de cada neno/a, da súa situación persoal.

- De darlle o tempo suficiente para elo.

Se temos en conta todos estes aspectos e, **estamos convencidos**, o neno/a confiará en vós e entre todos poderemos darlle o tempo necesario para que se familiarice coa escola e todo o que nela se atopa.

O papel dos profes:

- Ter unha actitude tranquila.
- Dirixirnos un ratiño a cada neno/a en particular.
- Recibimentos e despedidas individuais para que se sintan acollidos.
- Familiarizalo cos outros nenos/as.
- Propor actividades de grupo e tamén darlles a coñecer os diferentes espazos.
- Resolver os posibles conflitos que xurdan na aula, tiróns de pelos, rabuñazos.

O papel do acompañante:

É importante que sexa só unha persoa por neno/a e a poder ser sempre a mesma.

- Non enxuízar nin comparar.
- Situarse á súa altura física, senón a aula converterase nun bosque de pernas que os angustiará.
- Si eles vos buscan acudide para xogar con el/ela amosando interese polos outros nenos/as introducíndoos en “xogos comúns”, mais non forcedes estas situacións.
- Ter unha asistencia continua e constante é de grande axuda.
- Non vos marquedes prazos para deixalo iremos axustando pouco a pouco os horarios.
- Despedirvos cando marches da aula.

Poden darse situacións de regresión, pero non serán tales se os adultos que conviven con eles (familia e educadores) somos capaces de admitilas e comprendelas, asociándoas a procesos normais do desenvolvemento evolutivo que permiten reelaborar e reforzar situacións aparentemente asimiladas ou interiorizadas.

ESCOOLA INFANTIL MUNICIPAL

AREELA

